



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 30 DE NOVEMBRO DE 2012.

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D. Antonio Quindimil García.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. Iván Méndez García.

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José María Tojo Espiñeira.

PP:

D. Severino Álvarez Monteserín.

D^a María José Quindimil Suárez.

Non asisten e se excusa:

BNG:

D. José Manuel Raposo López.

SECRETARIO:

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 30 de novembro de 2012, sendo as catorce horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. ACORDO DE NON DISPOÑIBILIDADE DOS CRÉDITOS CORRESPONDENTES Á PAGA EXTRAORDINARIA DO PERSOAL DO SECTOR PÚBLICO.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía, visto o artigo 2 do Real Decreto Lei 20/2012, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, que establece:

“Paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do sector público.

1. No ano 2012 o persoal do sector público definido no artigo 22. Uno da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado, verá reducida as súas retribucións nas contías que corresponda percibir no mes de decembro como consecuencia da supresión tanto da paga

extraordinaria como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de dito mes.

2. Para facer efectivo o disposto no apartado anterior, se adoptarán as seguintes medidas:

2.1 O persoal funcionario non percibirá no mes de decembro as cantidades a que se refire o artigo 22.Cinco.2 da Lei 2/2012, de 29 de xuño, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2012 en concepto de soldo e trienios.

Tampouco se percibirán as contías correspondentes ó resto dos conceptos retributivos que integran tanto a paga extraordinaria como a paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes do mes de decembro, podendo, neste caso, acordarse por cada Administración competente que dita redución se execute de forma prorrateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste Real Decreto-lei.

2.2 O persoal laboral non percibirá as cantidades en concepto de gratificación extraordinaria con ocasión das festas de Nadal ou paga extraordinaria ou equivalente do mes de decembre do ano 2012. Esta redución comprenderá a de todos os conceptos retributivos que forman parte de dita paga de acordo cos convenios colectivos que resulten de aplicación.

A aplicación directa desta medida se realizará na nómina do mes de decembre de 2012, sen prexuízo de que poida alterarse a distribución definitiva da redución nos ámbitos correspondentes mediante a negociación colectiva, podendo, neste caso, acordarse que dita redución se execute de forma prorrateada entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste Real Decreto-lei.

(...)

4. As cantidades derivadas da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes de acordo co disposto neste artigo se destinarán en exercicios futuros a realizar aportacións a planes de pensións ou contratos de seguro colectivo que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación, con suxeición ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira e nos termos e co alcance que se determine nas correspondentes Leis de presupostos."

Vista así mesmo a "MODIFICACIÓN DA NOTA INFORMATIVA RELATIVA Á APLICACIÓN POLAS ENTIDADES LOCAIS DO DISPOSTO NOS ARTIGOS 2 DO REAL DECRETO LEI 20/2012, DE MEDIDAS PARA GARANTIR A ESTABILIDADE PRESUPUESTARIA E DE FOMENTO DA COMPETITIVIDADE, E 22 DA LEI 2/2012, DE PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO PARA O PRESENTE EXERCICIO", da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de 23 de outubro.

De conformidade co artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, proponho ó Pleno da Corporación o presente acordo:

ÚNICO: Declarar a non dispoñibilidade dos seguintes créditos do orzamento do exercicio 2012:

Aplicación orzamentaria	Importe
9.12	7.112,44€



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

9.13	2.813,54€
4.13	3.169,21€
3.13	1.694,93€
2.13	4.079,82€
TOTAL	18.869,94€

Mesía, 27 de novembro de 2012. O Alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que esta medida ven imposta polo goberno central, afecta ao persoal funcionario e laboral, e nalgúns casos fíxose de forma prorrateada, dependendo de como viñesen cobrando a dita paga. É unha terrible inxustiza, e máis se cabe no persoal laboral temporal, que hoxe están e mañá non, e algúns só estiveron tres meses.

Manifesta o Sr. Álvarez que pouco máis se pode dicir, debe acatarse a lei e lamentar que se teña chegado a esta situación.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.

2. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 2/2012.

O Sr. Alcalde da conta da proposta que, de seguido, transcríbese literalmente:

"Visto o estado de execución do orzamento deste Concello para o ano 2012.

Sendo intención desta Alcaldía e da Concelleira de Educación, Cultura, Muller e Xuventude renunciar ó cobro da paga extraordinaria do mes de decembro, destinando dito importe á realización dun programa de actividades para os veciños do concello o vindeiro Nadal, para o que sería preceptivo aprobar a correspondente modificación de crédito, vía transferencia de crédito.

É polo antedito polo que propónse iniciar a tramitación do expediente de modificación de créditos por transferencia de créditos nas seguintes aplicacións orzamentarias:

É polo antedito polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito TC 02/2012, polo que se transfere crédito nas aplicacións orzamentarias que, de seguido, se sinalan.*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA NA QUE SE REDUCE O CRÉDITO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA NA QUE SE INCREMENTA O CRÉDITO
9.10	4.148,33€	3.22

Segundo.- *Expoñer ó público o expediente, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de edictos da Corporación, durante o prazo de quince días, dende a publicación do*

anuncio no citado Boletín Oficial, para os efectos de exame e presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 179, en relación co 169 do RDL 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Se no se presentasen reclamacións, o expediente entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo plenario. Se se presentasen, serán resoltas polo Pleno.

Mesía, 27 de novembro de 2012. O ALCALDE. Asdo. Mariano Iglesias Castro."

Toma a palabra o Sr. Alcalde sinalando que tanto a min como á concelleira parécenos xusto prescindir tamén da paga extraordinaria. Dado que no noso caso é voluntario, destinamos o importe á partida cultura e deportes para realizar actividades no Nadal que xa se viñan facendo, pero para as que cada vez temos menos recursos debido ós recortes doutras administracións.

Manifesta o Sr. Álvarez que agradecemos o xesto de solidariedade, lamentando que tamén lles afecte a vostedes.

Sometido o asunto a votación, aprobouse por unanimidade dos concelleiros presentes.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e dez minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,